



**OORDENANZA 3.-
ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO DE BENS INMOBLES
E MODIFICACIÓN 2003.**

Artigo 1º.-

De conformidade co previsto no artigo 73 da Lei 39/88 do 28 de decembro, o tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles aplicable a este Municipio, queda fixado nos termos que se establecen no artigo seguinte.

Artigo 2º.-

1.- O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles aplicable os bens de natureza urbana, queda fixado no 0,50%.

2.- O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles aplicable os bens de natureza rústica, queda fixado no 0,44 %.

3.- Para tódolos grupos de Bens Inmobles de características especiais o tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles queda fixado no 1,3%.

Artigo 3º.-

No non expresamente previsto na presente Ordenanza, rexerán os preceptos contados na Subsección 2ª da Sección 3ª do Capítulo II do Título II da referida Lei 39/88, concordantes e complementarios da mesma e as demais Leis do Estado reguladoras da materia así como nas disposicións fixadas para o seu desenvolvemento.

Disposición Final.

A presente Ordenanza Fiscal cuxa redacción definitiva foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 9 de outubro de 1989, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do 1 de Xaneiro de 1990, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Aprobación.

A Corporación Municipal en Pleno en sesión extraordinaria celebrada o día 9 de outubro de 1989, adoptou o seguinte acordo cuxa parte dispositiva di:



1º.- En cumprimento do disposto no art. 15.2 e de conformidade co previsto no art. 60.1 facendo uso das facultades conferidas o Concello polo art. 73 e Disposición Transitoria 2ª, todos eles da citada Lei 39/88, aprobar provisionalmente o tipo de gravame deste Imposto no termo que regula a Ordenanza Fiscal que tamén se aproba provisionalmente.

2º.- Expoñer ó público o presente acordo e a Ordenanza Fiscal tal e como preceptúa no art. 17.1 e 2 da mencionada Lei.

3º.- Elevar a definitivo este acordo se non se presentasen reclamacións ó mesmo e continuar o expediente ata a súa conclusión de acordo co procedemento previsto no art. 17.4 e 5 da repetida Lei.

4º.- A referida Ordenanza Fiscal entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do día 1 de Xaneiro de 1.990.

Data da 1ª modificación: 9-febreiro-93.